

A RESPONSABILIDADE CIVIL EXTRACONTRACTUAL E O MEDIO AMBIENTE A TRAVÉS DA RECENTE XURISPRUDENCIA

Julio García Sangil

As técnicas xurídicas para a protección do medio ambiente pódense clasificar en preventivas e represivas. Nós ocuparémonos neste traballo só das represivas no ámbito civil, e en concreto da responsabilidade civil extracontractual ou aguiliana en materia de danos ambientais, ex artigos 1902 e 1908 do Código Civil.

Malia o anterior, antes de centrármonos na parcela concreta obxecto do noso estudio, sería conveniente falar, aínda que sexa de xeito superficial, das medidas represivas no ámbito penal e no administrativo.

I. ÁMBITO PENAL

O artigo 45-2 da Constitución establece como obriga dos poderes públicos a de velar "pola utilización racional dos recursos naturais, co fin de protexer e mellora-la calidade de vida e defender e restaura-lo medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva".

No seu terceiro parágrafo dispón este artigo, para aqueles que violen o disposto no anterior, o establecemento de sancións penais ou, no seu caso, administrativas, así como a obriga de repara-lo dano causado.

Apréciase neste parágrafo o carácter alternativo da súa redacción no que se refire as sancións que se poden impoñer ás infraccións do medio ambiente, é dicir non todas esas infraccións van a ser sancionadas pola lei penal.

A avaliación de conxunto dos preceptos que o Código Penal dedicaba ó ambiente foi calificada de moi negativa, en canto instrumento represivo das conductas antiecolóxicas. Esta avaliación viña marcada polas seguintes notas (1):

- antropocentrismo.
- tipificaba o risco e escasamente o resultado.
- era indiferente dende o punto de vista ecolóxico.

Coa reforma do Código Penal pola lei Orgánica 8/1983, do 25 de xuño, introduciuse o novo artigo 347 bis. Este precepto, duramente criticado en canto á súa redacción, é sen embargo, como sinala Martín Mateo (2), extraordinariamente afortunado no que se refire á precisión do que sexa o medio ambiente e o que se considera utilización racional dos recursos naturais que o poidan implicar.

Agora a conducta punible tipificase en razón das agresións ambientais sinaladas polo referido artigo (emisións ou verquidos de calquera clase que sexan prexudiciais para a saúde das persoas ou para vida animal ou vexetal), contravindo as leis ou regulamentos protectores do medio ambiente (3).

II. ÁMBITO ADMINISTRATIVO

Pon de relieve Cardelus y Muñoz Seca (4) que o Dereito Administrativo perfeccionou máis os instrumentos preventivos de protección do medio ambiente cós represivos, sendo esto debido á grande importancia que neste

(1) Cardelus y Muñoz-Seca. Técnicas jurídicas para la Protección del Medio Ambiente. Documentación Administrativa, nº 197/1983.

(2) Martín Mateo, R. El Delito Ambiental. Reflexiones desde el Derecho Administrativo. Revista de estudios de la Administración Local, nº 238/1988, páxs. 1033 a 1053.

(3) Con posterioridade ó envío deste traballo para a súa publicación, viu a luz o novo Código Penal, Lei Orgánica 10/95 do 23 de novembro (B.O.E. nº 281, do 24-12-95), o cal, a teor da súa disposición final sétima, entrará en vigor ós 6 meses da súa completa publicación, agás no que se refire ó artigo 19. O novo Código dedica á materia o capítulo III, artigos 325 a 331, do Título XVI, que leva por título «Os delitos relativos á ordenación do territorio e a protección do patrimonio histórico e do medio ambiente».

(4) Vid. (1) Supra.

sector ten a adopción de medidas de prevención, tanto polos custos que supón a restitución como polo carácter irreversible que adoitan te-los deterioros.

A Administración Pública conta así cunha serie de medidas represivas fronte ás actuacións ilegais en materia medio ambiental:

1º) Sancións pecunarias: O sistema sancionador presenta no noso dereito as características de incoherencia na contía; desfase económico, xa que a inflación fai que as sancións calculadas no momento de elaboración da norma queden despois desactualizadas e, por último, ineficacia, porque en moitos casos as sancións pasan a ser uns custos máis do proceso de fabricación.

2º) Clausura da actividade: Aplícase a casos especiais que se caracterizan pola súa gravidade e que ademais veñen tasados legalmente. Valla a título de exemplo o artigo 12 da Lei de Protección do Ambiente Atmosférico e o 12, 4º da Lei de Residuos sólidos urbanos.

3º) Caducidade ou revogación da autorización. Terá lugar cando o exercicio da actividade descansa nunha autorización, polo que a revogación desta supón a clausura da actividade. Igualmente pódese cita-lo artigo 12-4º da Lei de Residuos.

4º) Por último, pódense incluír aquí outros instrumentos administrativos de sanción, tales como a restitución, a reposición das cousas ó estado que tiñan con anterioridade, o comiso e as indemnizacións.

III. ÁMBITO CIVIL

A) Competencia da xurisdición civil.

Aínda que as técnicas propias do dereito civil amósanse impropias ou inadecuadas para resolve-los casos de danos ó medio ambiente, xa que estes plantexan conflitos de natureza colectiva, non se pode dicir por iso que careza de papel neste eido.

Os tribunais civís recoñecen de sempre a súa competencia para coñeceren das cuestións relativas ós resarcimentos de danos que se producen nos patrimonios individuais por razón de fumes, gases, ruidos ..., aínda cando os axentes causantes do dano estean en posesión das correspondentes licencias administrativas ou autorizacións, circunstancia esta na que tradicionalmente se viñeron amparando os demandados para interpoñer a excepción de falla de competencia de xurisdicción. Neste sentido é particularmente clara a STS do 3 de decembro de 1983, na que se contemplaba un suposto de danos orixinados pola entidade "Térmica del Besós, SA", que no recurso de casación sostíña a competencia da xurisdicción contencioso-administrativa; pois ben, o Tribunal Supremo rexeitou este plantexamento, pronunciándose nos seguintes termos.

"... a lexislación sobre o medio ambiente e os seus efectos é de inspiración esencialmente administrativa, correspondendo ás administracións estatal, autonómica e local a súa regulación, o que non é impedimento para que o ordenamento xurídico privado poida intervir en cantos problemas e conflitos teñan a súa orixe no eido das relacións de vecindade, nos supostos de culpa contractual ou extracontractual e aqueles que impliquen un abuso do dereito ou o uso antisocial do mesmo..."

En análogo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo en sentenza do 16 de xaneiro de 1989, na que, desestimando a pretensión do recorrente, afirmase que o pedimento de imposición de medidas tecnicamente necesarias para facer cesa-lo dano debía ser xulgado na xurisdicción civil, porque:

"baseándose a acción exercitada nos artigos 1902 e 1908 do Código Civil como acción de resarcimento de danos e perdas debidos a culpa extracontractual o seu coñecemento é propio da xurisdicción civil, desestimación que confirma a sentenza contra a que se recorreu, a cal seguindo doutrina desta Sala sinala como, canto se recolle nas disposicións administrativas: Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (R. 280, 1157 e Ap. 1975-85, 2952) sobre adopción de medidas protectoras, estase referindo a estados xerais de perturbación do medio ambiente con graves situacións para a poboación situada en determinadas zonas que pola súa xeralidade están contemplando intereses públicos, o que non se pode equipar á lesión patrimonial por inmisións danosas en

propiedades determinadas, os titulares das cales demandan o pertinente resarcimiento e o conseguinte remedio á actividade ocasionadora do menos-cabo, cuestións estas que son da exclusiva competencia dos Tribunais da orde civil”.

Igualmente reconece o Tribunal Supremo a competencia da xurisdición civil fronte á laboral. Sirva a título de exemplo a STS do 8 de novembro de 1990, referente a un caso de fibrose pulmonar difusa activa que contraera a recorrente entre os anos 1965 a 1971, tempo no que prestara os seus servicios á entidade demandada; a sentenza agora impugnada en casación desestimara a demanda por entender que os feitos alegados no escrito inicial tiñan que ser sometidos á xurisdición laboral. Fronte a isto a sentenza indicada sinalou no seu fundamento de dereito 4º:

“c) os razoamentos expostos conducen, ou non impiden, que o dano resultante que se trata de resarcir sexa un dano individual que afecta ós bens máis ínsitos na persoa física, cal é o da saúde; é dicir, un dereito esencialmente privado, que pola súa transcendencia e efectos ha coñecerla xurisdición civil como atraente e definidora de dereitos privados; ó que non é obstáculo que exista unha xurisdición social ou do traballo, os estrictos límites da cal sinálanse, á sazón, no texto refundido por RD 1568/1980, do 13 de xuño, que aprobou a L.P.L., do exame da cal (art. 1) non pode deducirse que o obxecto litixioso aquí debatido teña que corresponder no seu coñecemento á dita xurisdición especial, ó non estar incluído en ningún dos números dese art. 1.d). Corrobora a conclusión á que chega a constante xurisprudencia desta Sala no sentido de declarar compatible a indemnización por razón do delicto ou acto ilícito civil coa indemnización laboral; en canto a xurisdición ordinaria non vén vinculada á laboral, sendo penalmente independente para enxuizar conductas cando se acciona como no caso discutido ó abeiro dos arts. 1902 e 1903 CC (SS., entre outras, 9 marzo e 5 de xuño 1983, 13 abril e 8 outubro 1984” (5).

B) Responsabilidade extracontractual.

A característica fundamental que diferencia a responsabilidade extracontractual da contractual radica na inexistencia de vínculo obrigatorio ou relación xurídica preexistente entre o autor do dano e a vítima do mesmo.

(5) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1991, Tomo 2º, Sentencia 1442, páxs. 2257 a 2259.

O dereito moderno consagrou, como sinala Díaz Pairó (6), a responsabilidade por calquera feito ilícito que cause dano a outra persoa e que se produza por dolo ou culpa. Así, mentres que no dereito romano só eran fonte desta responsabilidade certos feitos típicos, na actualidade calquera feito ilícito do home, do que se derive dano para outro, sempre que se realice de maneira intencional ou aínda negligentemente, constitúe fonte de obriga.

a) Responsabilidade polos danos causados polas cousas inanimadas.

O noso Código Civil recolle no seu artigo 1908, apartados 1º, 2º e 4º uns supostos de responsabilidade extracontractual directamente relacionados co medio ambiente, ó dispoñer:

“Igualmente responderán os propietarios polos danos causados:

1º) Pola explosión de máquinas que non fosen cuidadas coa debida dilixencia, e a inflamación de sustancias explosivas que non estivesen colocadas en lugar seguro e adecuado.

2º) Polos fumes excesivos que sexan nocivos ás persoas ou ás propiedades.

4º) Polas emanacións de cloacas ou depósitos de materias infectantes, construídos sen as precaucións adecuadas ó lugar onde estivesen”.

Viuse na responsabilidade consagrada neste artigo unha consecuencia necesaria do dereito da propiedade, independentemente da idea de culpa no propietario, deste xeito o que ten o beneficio dunha cousa ten que soportalos riscos. Sostense deste xeito a tese de que este precepto consagra unha responsabilidade de matiz obxectivo, tese confirmada por unha reiteradísima xurisprudencia; así a STS do 24 de maio de 1993, á que teremos ocasión de referirmonos de novo, sinalaba:

“... que o nº 2º, art. 1908 que é onde o presente caso litixioso encontra unha subsunción ou incardinación específica, configura un suposto de responsabilidade de claro matiz obxectivo, por razón do risco creado, ó establecer que os propietarios responden dos danos causados polos fumes excesivos, que sexan nocivos ás persoas ou ás propiedades ...” (7).

(6) Díaz Pairó. Teoría general de las obligaciones. Segunda edición. Volume II, páx. 40.

(7) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1993, tomo 4. Sentª. 3162, páxs. 6200 a 6203.

En semellantes termos pronunciárase a STS do 15 de marzo de 1993 e moitas outras anteriores.

A doutrina moderna, especialmente a partir de Manresa, sostivo que a enumeración de casos ten, no artigo que examinamos, un carácter demostrativo e, polo tanto, non se poden interpretar nun sentido de “*numerus clausus*” que impedisen contemplar outros supostos nos que existise a mesma razón que inspira os casos nel considerados de maneira expresa.

Fronte a esta opinión outro sector doutrinal defende o carácter taxativo dos casos enumerados. Baséanse para iso no establecido polo artigo 1090 do CC: “As obrigas derivadas da lei non se presumen. Só son esixibles as expresamente determinadas neste Código ou en leis especiais, e rexeranse polos preceptos da lei que as establece; e, no que ésta non previse polas disposicións do presente libro”. Agora ben, o dito ata aquí non exclúe a posibilidade de reclama-la responsabilidade extracontractual a través do artigo 1902 do mesmo código, cando se dean as condicións propias da mesma. A xurisprudencia inclinouse xeralmente cara a esta segunda postura.

b) Responsabilidade por feitos propios

Fronte á responsabilidade de signo obxectivo contemplada no artigo 1908 do CC, o artigo 1902 consagra unha responsabilidade na que a obriga de resarcir non deriva simplemente da relación de causalidade entre o acto do axente e o dano producido, senón da culpa en que incorreu o autor do dano. Dispón este precepto:

“ O que por acción ou omisión causa dano a outro, intervindo culpa ou negligencia, está obrigado a repara-lo dano causado”.

Deste artigo infírese claramente e necesidade de que concorran determinados requisitos que foron clasificados pola doutrina e xurisprudencia en obxectivos (a acción ou omisión, a ilicitude e o dano), subxectivo (a culpabilidade do autor do dano) e causal (relación entre a falla e o dano producido).

A xurisprudencia vén esixindo reiteradamente a concorrencia destes requisitos ou elementos. Valla a título de exemplo a STS do 26 de novembro de 1990, que declaraba:

“A reclamación de resarcimento de danos por culpa extracontractual con base no artigo 1902 CC. esixe a concorrencia dos seguintes requisitos: unha acción ou omisión antixurídica ou ilícita; unha lesión ou dano; a culpa do axente e unha relación de causalidade entre a acción ou omisión e o dano producido ...” (8).

Elemento fundamental da responsabilidade aquí contemplada é o subxectivo ou de responsabilidade do axente. Sinala Castán (9) que: “para que haxa obriga de responder dun dano é preciso que sexa este atribuíble ó axente, ben porque tivese intención de causalo ou ben porque, podendo e debendo prevelo non o previu por negligencia inexcusable ...”

A derradeira razón de constituí-la culpa o fundamento da responsabilidade extracontractual atópase, segundo Diez-Picazo (10), na necesidade de moraliza-las conductas individuais, de tal modo que o individuo extreme a súa dilixencia, porque de non ser así o peso da organización social caería sobre el.

Non obstante, a esixencia do requisito da culpa foi suavizado pola doutrina e a xurisprudencia. Deste xeito foise producindo unha evolución da responsabilidade subxectiva cara a posicións que, sen permitir afirmar o recoñecemento dunha responsabilidade de signo plenamente obxectivo, si que nos permite falar dunha tendencia obxectivadora.

Agora ben, esta evolución obxectivadora non revestiu caracteres absolutos que puidesen permiti-la exclusión, aínda con todo o rigor interpretativo que en beneficio do prexudicado impón a realidade social e técnica, do básico principio de responsabilidade por culpa ó que responde o

(8) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1991, tomo 2. Sent^ª. 1646, páxs. 2614 a 2618.

(9) Castán Tobeñas, José. Derecho Civil Español Común y Foral. Tomo 4º, 10ª Edición, Editorial Reus, 1977, pág. 900.

(10) Diez-Picazo y Gullón Ballesteros. Sistema de Derecho Civil. Volumen II, pág. 595, Editorial Tecnos, Madrid, 1989.

noso dereito positivo. Neste sentido pronunciáronse, entre outras, as STS do 16 de outubro de 1989 e a do 26 de novembro de 1990. Chegouse así a un concepto moderno de culpa que recolle con toda claridade a STS do 8 de novembro de 1990, referente a un suposto de responsabilidade por culpa extracontractual *por emisións de fumes e gases*, á que xa nos referimos anteriormente:

“Fronte ó afirmado na instancia, de que non ocorreu ou non se probou conducta culposa no empresario é de manter pola contra o concepto moderno da culpa que non consiste soamente, segundo o criterio clásico, na omisión da dilixencia esixible segundo as circunstancias do caso, xa que actualmente ampliouse o concepto de culpa para abranguer aquelas conductas onde hai negligencia sen unha conducta antixurídica e aquelas outras nas que partindo dunha actuación dilixente e lícita, non só no seu inicio senón no seu desenvolvemento, enténdese existente tamén conducta culposa en virtude dun resultado socialmente danoso que impón a desaprobación da acción ou da conducta, por ser contraria os valores xurídicos exteriorizados; é dicir, é unha conducta socialmente reprobada... Por iso a doutrina moderna coloca ó carón do tradicional principio da culpa o novo principio de responsabilidade por risco ou sen culpa, que responde ás esixencias dos nosos tempos. Anque a responsabilidade por risco non se caracteriza soamente pola inexistencia de culpa no sentido clásico, pois case sempre hai un principio de imputación positiva, na que, aínda predominando o criterio de obxectividade baseado na creación dun risco, non se pode dicir en moitos casos que haxa ausencia de voluntariedade máis ou menos inmediata ó feito produtor dos danos; nesta actuación voluntaria mediata ou indirecta atópase o fundamento desta responsabilidade que impide caer nunha primitiva responsabilidade polo mero resultado...” (11).

Por outra banda, naqueles casos nos que as garantías adoptadas de conformidade coas disposicións legais para preve-los danos previsibles e evitables non ofreceron resultado positivo, revélase a insuficiencia daquelas, non estando completa a dilixencia (STS do 25 de marzo de 1954).

Dito doutra forma, o cumprimento das disposicións regulamentarias non acredita que o axente causante do dano obrase coa dilixencia debida,

(11) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1991, tomo 2º. Sentº. 1442, páxs. 2257 a 2259.

nin é suficiente para exoneralo de responsabilidade cando as garantías adoptadas conforme a aquelas non ofrecen resultado positivo para preveren e evitaren os danos previsibles e evitables, amosándose ineficaces e insuficientes.

Moi significativa é neste sentido a STS do 24 de maio de 1993, recaída nun suposto de responsabilidade por culpa extracontractual, baseada nos danos sufridos polas fincas propiedade dos actores como consecuencia *das emanacións de flúor e outros productos tóxicos* procedentes da factoría de aluminio que as entidades demandadas teñen na localidade lucense de San Ciprián. A sentenza dictada en apelación pola Audiencia Provincial da Coruña, confirmando a de primeiro grao, fora favorable ós actores. Interposto o recurso de casación, as entidades recorrentes acusan á sentenza contra a que se recorre de infracción do artigo 1902 en relación co 1908, 2º CC, ó declaralas responsables dos danos obxecto da litis, cando por parte delas non existiu culpa ou negligencia na xeración daqueles, ó teren adoptadas nas súas fábricas tódalas medidas de precaución regulamentariamente esixidas. Fronte a esta argumentación, a STS citada despois de aludir ó encadramento específico do caso no número 2º do artigo 1908 CC, e á necesidade de non descoñecer, en sede da teoría xeral da responsabilidade por culpa extracontractual ex artigo 1902, a evolución que experimentou o seu concepto, sinala que se presume culposa:

“Toda acción ou omisión xeradora dun dano indemnizable, sen que sexa bastante, para desvirtuala, o cumprimento de Regulamentos, pois estes non alteran a responsabilidade de quen os cumpra, cando as medidas de seguridade e garantías amósanse insuficientes na realidade para evitar eventos lesivos (SS 16 outubro 1989, 8 maio, 8 e 26 de novembro de 1990, 28 maio 1991, por citar algunha das máis recentes)” (12).

Para engadir despois no seu fundamento de dereito 5º:

“... a sentenza contra a que se recorre (como antes a do xuíz) non descoñeceu en ningún momento a adopción polos recorrentes das medidas de precaución regulamentariamente esixidas, malia o anterior, con criterio

(12) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1993, tomo 4. Sentª. 3162, páxs. 6200 a 6203.

xurídico que esta Sala comparte, declara a responsabilidade das mesmas, ó quedar demostrada a insuficiencia de tales medidas para evita-los danos a terceiras persoas totalmente alleas á explotación industrial das recorrentes..." (13)

En análogo sentido pronunciárase tamén o TS na sentenza do 3 de setembro de 1992. Neste caso, un suposto de ruidos e molestias que se ocasionaban na casa do demandante e que tiñan a súa orixe no obrador de confeitaria do demandado, quedara acreditado en autos que este último -agora recorrente- coñecendo as molestias non adoptara as medidas necesarias para vitalas, como sería a insonorización do local que reduciría os ruidos e molestias a un nivel tolerable. A devantida sentenza estableceu:

"... é evidente a existencia do elemento culpabilístico definidor da culpa aquiliana, que non resulta desvirtuado polo mero cumprimento das disposicións regulamentarias cando estas se revelaron insuficientes para evitar aquelas perturbacións..." (14).

c) Rasgos actuais da responsabilidade civil.

Segundo Jordano Fraga (15) que segue na súa exposición a De Angel Yagüez (16), quem fixou como precursora da tendencia obxectivadora á STS do 26 de febreiro de 1935, os rasgos actuais da responsabilidade civil son os seguintes:

a) Presúmese que o autor do dano incorreu en culpa, e a el corresponde desvirtuar esta presunción, mediante a proba de observa-la dilixencia debida.

b) Cando non se pode probar con exactitude a causa do dano é o axente o que debe proba-la súa propia dilixencia, neste sentido as STS do 5 de abril de 1963 e 10 de outubro de 1975.

c) Non basta co cumprimento dos regulamentos e demais disposición legais que obrigan á adopción de garantías para prever e evitar danos, pois se estas

(13) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1993, tomo 4. Sent^a. 3162, páxs. 6200 a 6203.

(14) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1993, tomo 2. Sent^a 1412, páx. 2599.

(15) Jordano Fraga. La responsabilidad de la Administración con ocasión de los daños al medio ambiente. Revista de Derecho Urbanístico, nº 119/1990, páxs. 79 e ss.

(16) De Angel Yagüez. La responsabilidad civil. Deusto, 1988. Páxs 61 e ss.

medidas non ofreceron un resultado positivo -porque de feito o dano produciuse-, revélase a súa insuficiencia e que faltaba algo por previr, non achándose completa a dilixencia.

d) Unha actuación lírica pode dar lugar a danos indemnizables cando o axente non se asegure dilixentemente do alcance e consecuencias dos seus actos”.

C) Reparación de danos. Medidas correctoras en prevención de futuros prexuízos

Repara-lo dano causado, esta é a obriga que resulta do artigo 1902 do CC, para aqueles que, correndo as circunstancias nel especificadas, causan danos a outro. Agora ben, ¿debe circunscribirse esta obriga á reparación do “dano causado” en sentido estricto ou debe estenderse á adopción das oportunas medidas preventivas que impidan posteriores lesións patrimoniais?. Decisiva para clarexar esta cuestión foi a STS de 5 de abril de 1960 sobre danos e perdas causadas a través do lavado de mineral de plomo, na que determinou que:

“... a protección dos aludidos dereitos civís, como sen dúbida é a propiedade privada, non se limita exclusivamente á reparación dos danos, senón que tamén debe extenderse á adopción de medidas de prevención que razoablemente impidan posteriores lesións patrimoniais”.

O anterior criterio foi sostido pola xurisprudencia de maneira reiterada ata a data. Pódense cita-las STS. de 12 de decembro de 1980 sobre a “Central de Soto de Ribera” e máis recentemente a de 29 de outubro de 1990 da sección 6ª da Audiencia Provincial de Valencia, que nun suposto de danos e perdas causados nunha finca rústica polas emanacións de gases e po arcilloso procedentes de dúas fábricas de azulexos colindantes, confirmando na súa totalidade a de 1ª instancia, non só condenaba ás demandadas a que indemnizasen os danos e perdas, senón a que adoptasen coa maior brevidade “as medidas correctoras, da orde que fosen, nas súas instalacións para evitar no futuro a produción de danos como os denunciados na demanda inicial” (17).

(17) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1993, tomo 3. Sentª 2129, páxs. 4085 a 4088.

Formulado recurso da casación por unha das entidades condenadas, o TS por sentenza do 15 de marzo de 1993 (18) declarou non proceder dito recurso, confirmando en todo a sentenza da audiencia.

Máis interesantes na cuestión que nos ocupa son os dous casos de que trataremos a continuación. Neles a pretensión do actor dirixíase, como teremos ocasión de comprobar, non á indemnización de danos e perdas, senón só e exclusivamente á adopción das medidas necesarias para facer cesa-los danos.

No primeiro, o demandante pretendía que o demandado, propietario dun taller de carpintería metálica, fose obrigado á introducción de medidas de illamento, alegando ser molestos para o seu comercio os ruídos, vibracións e fumes que naquel se xeraban. A sentenza dictada en apelación pola Audiencia Provincial de Pontevedra o 31 de maio de 1991 estableceu que:

“... Tendo por probado o feito da incomodidade que ten a súa orixe na actividade da carpintería do demandado, é doado entender que debe ser estimada a pretensión de que sexan postas as medidas necesarias para facelas cesar. Así o entendeu a xurisprudencia, interpretando o artigo 1902 en relación co 1908 e 590 do Código Civil, como esixencias dunha correcta vecindade e comportamento segundo os dictados da boa fe, obtidas dunha xeralización analóxica dos devanditos preceptos” (19).

No segundo a STS de 3 de setembro de 1992 (20), confirmando a dictada en apelación pola Audiencia Provincial de Granada, condenou ó demandado a que realizase á súa costa no obrador de confeitaría da súa propiedade que estaba instalado no local colindante coa casa do demandante, aquelas obras que fosen necesarias a xuízo de peritos para evita-los ruídos e molestias que se viñan ocasionando.

Queda pois claramente admitida á luz da xurisprudencia a competencia dos tribunais para levaren a cabo a imposición de medidas de prevención

(18) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1993, tomo 3. Sent^a 2129, páxs. 4085 a 4088.

(19) Revista xurídica galega n^o 0/1992, pág 60.

(20) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1993, tomo 2. Sent^a 1412, pág 2599.

que eviten posteriores danos. De non ser así o concepto de resarcimento de danos e perdas mostraríase incompleto, porque sería tanto como permitir ó axente causante seguir causando o dano sempre que indemnizase. Sen embargo, fronte a esta opinión existen voces discordantes. Neste sentido Tomás Quintana López (21) sostén que os tribunais civís están facultados para impoñer medidas de tipo preventivo nun proceso de resarcimento de danos, cando a actividade da nosa sexa exercida á marxe ou en contradicción coas medidas previstas administrativamente; pero non cando o axente causante do dano actúe con sometemento estrito ó establecido pola Administración na licencia ou autorización correspondente.

D) A prescripción extintiva nos supostos de danos continuados ou de produción sucesiva

A teor do artigo 1968 CC, nº 2, a acción para esixir a responsabilidade civil polas obrigas derivadas da culpa ou negligencia de que trata o artigo 1902, prescriben polo transcurso de un ano dende que o agraviado tivo coñecemento dos danos. Do texto deste precepto infírese que ésta prescripción refírese só ás obrigas que teñen a súa orixe no principio consignado no artigo 1902; pero a xurisprudencia cun criterio amplo e extensivo veuna aplicando ós demais supostos de responsabilidade extracontractual.

E frecuente nos casos de esixencia de responsabilidade civil extracontractual a alegación polos demandados da prescripción da acción exercitada polo demandante, por entender que a reclamación produciuse fóra de prazo. Certo é que os efectos da prescripción se producen ipso iure; pero isto non é incompatible con que para que sexan recoñecidos en xuízo debe ser alegada, sen que poida o xuíz suplir de oficio a non alegación daquela. Ás dúas afirmacións que anteceden aínda podemos engadir outra que xa sinalara Coviello: a prescripción pódese alegar no proceso tanto pola vía de acción como pola de excepción, anque o normal dentro da extintiva é a utilización pola segunda das ditas vías, xa que o ter por efecto a liberación

(21) Quintana López, Tomás. «La Repercusión de las actividades mineras sobre el medio ambiente». Ed. Montecorvo, 1987.

dun gravame, poucas veces o prescribinte terá interese en facela valer pola primeira.

Agora ben, para declara-los efectos extintivos da prescrición os tribunais civís examinan con minuciosidade a concorrencia dos tres elementos que a integran: 1º) A esixencia dun dereito ou acción que se poida exercer; 2º) A falla de exercicio por parte do titular e 3º) O transcurso do tempo determinado na lei. Especialmente interesantes son os problemas que se presentan á hora de valorar o derradeiro destes requisitos e, particularmente, nos supostos en que os danos foron producíndose dun xeito continuado e sucesivo, nos que, alegada polos demandados a prescrición da acción exercitada polo actor, os tribunais céntranse invariablemente no estudio de dúas cuestións: Se se produciron actuacións que a teor do artigo 1973 CC. teñen efectos interruptivos da prescrición e o momento en que ha comenza-lo cómputo do prazo daquela.

En relación co primeiro, o TS vén declarando o carácter restrictivo da prescrición. Neste sentido a STS do 15 de marzo de 1993, da que xa nos ocupamos anteriormente, declarou:

“É reiterada doutrina desta Sala a do criterio restrictivo con que se ha tratado o instituto da prescrición, por ser figura que non se asenta nunha idea de xustiza intrínseca e sí de limitación no exercicio dos dereitos a prol do principio de seguridade xurídica, conectado a unha certa deixación ou abandono daqueles dereitos polo seu titular (SS. 17 dec. 1979, 16 mar. 1981, 8 out. 1982, 9 mar. 1983, 4 out. 1985, 18 set. 1987, 14 mar. 1989, 25 xuño 1990, 12 xullo 1991, entre outras moitas)” (22).

De aí que non se poida entender que exista abandono naqueles supostos nos que o demandante levou a cabo algún tipo de actuación que teña efectos interruptivos sobre a prescrición.

No fundamento de dereito 5º da sentenza á que nos referimos destácase como xa quedaron acreditadas na instancia numerosas e sucesivas actuacións, tanto extraxudiciais como administrativas, practicadas por parte

(22) LEDICO: Xurisprudencia española. Ano 1993, Tomo 3. Sentª. 2129; páxs. 4085 e 4088.

do demandante que producían tales efectos: reclamacións perante ó correspondente concello ó longo de varios anos, para que obrigase ós propietarios das fábricas a adoptar-las medidas correctoras oportunas; informes periciais emitidos a solicitude daquel, así mesmo en varios anos, nos que quedaba reflectido o estado de deterioro da prantación da súa finca; e actas notariais levantadas que acreditaban tamén o estado da finca. Actuacións todas elas que segundo a sentenza: “eliminan ou exclúen toda idea de abandono ou deixación por parte do actor da acción que lle correspondía, para exercela no momento oportuno”.

No mesmo sentido pronúnciase a STS de 24 de maio de 1993, á que tamén nos referimos con anterioridade, que ademais ante a nova valoración que as entidades demandadas fan agora das probas documental e testifical para fundamenta-la tese de que non se producira interrupción da prescrición, polo que o transcorrer máis de un ano dende a produción dos danos debíase estimar a excepción, recordando a verdadeira natureza do recurso de casación, pronúnciouse nos seguintes termos:

“... débese ter en conta que a sentenza contra a que se recorreu, trala valoración que fai das probas documental e testifical practicadas con exhuberancia no proceso, declara probado, como anteriormente se dixo, que “existiron múltiples reclamacións extraxudiciais”, que produciron a interrupción da prescrición, o cal probado (en canto pertencente ó estrito ámbito da “quaestio facti”) débese manter invariable nesta vía casacional, ó non se formular ningún motivo adecuado para desvirtualo, sen que, ademais sexa posible que esta Sala se adentre agora nunha nova valoración da referida proba, como parecen pretende-las recorrentes no desenvolvemento do motivo primeiro, xa que este recurso extraordinario, como tantas veces xa se dixo, non é unha nova instancia...” (23)

En relación coa segunda cuestión, é dicir o momento en que ha comenza-lo cómputo do prazo de presentación, o artigo 1969 CC sinala: “O tempo para a prescrición de toda clase de accións, cando non haxa disposición especial que outra cousa determine, se contarase dende o día en que puideron ser exercitadas”. E o certo é que non existe esa disposición especial, polo que

(23) LEDICO: Xurisprudencia española. Sent^a 3162, páxs. 6200 a 6203.

o prazo hase contar dende o día en que o seu exercicio é posible. Agora ben, ¿cal é ese día?. A doutrina xurisprudencial é uniforme:

“o cómputo do prazo de prescrición non se inicia ata a produción do definitivo resultado, cando non é posible fraccionar en etapas diferentes ou feitos diferenciados a serie proseguida”.

Neste sentido pronunciáronse as referidas sentencias de 15 de marzo e 24 de maio de 1993 que aluden a algunhas anteriores, como as do 12 de decembro de 1980, 12 de febreiro de 1981, 19 de setembro de 1986 e 25 de xuño de 1990.